

# A area do pan

“Collían a area de onde criaba o mar para, cando viña a chea, levar toda a cría para abaixo, para estendela polo mar abaixo. O pan noso [...]. Ostra, mexilón, berberecho, ameixa babosa, ameixa dereita, de todo...” (C.R.F., Ponte Sampaio). Así lembra a draga do río Verdugo que tivo lugar en 1965 unha das mariscadoras afectadas por este espolio.

Cunha enorme draga instalada no río Verdugo, a empresa rexentada por un home acumado en Ponte Sampaio como “O Moro”, que cren lembrar que se chamaba Marcelino, extraía diariamente quilos e quilos de area do leito do río mentres unha cuadrilla de lanchas cargadas co “seu pan” entraban e saían do río, marcando o ritmo incesante do espolio. Por suposto, esta actividade contaba co apoio do réxime franquista que, inmerso en pleno desenvolvementismo económico baseado na industrialización acelerada e na “reconversión” da agricultura e pesca tradicional, desatendía as profundas consecuencias que iso provocaba sobre o medio marisqueiro, do cal vivía boa parte da poboación de Ponte Sampaio, Arcade e outros lugares próximos.

O destino da area roubada era abastecer as necesidades construtivas de Vigo. A cidade olívica vivía un crecemento urbano acelerado e desordenado. Erguíanse paredes de area salgada para dar acubillo á inmigración que chegaba á cidade desde diversas zonas rurais de Galicia, atraída polo seu desenvolvemento industrial. Para esta empresa de construción, o negocio resultaba moi rendible pois “os da lancha viñan aí coa *maquineta* e levábana [a area] e non gastaban nada na area, máis ca o traballo das lanchas. Todo era diñeiro” (M.T.C., Ponte Sampaio).



A outra cara da moeda desta historia de “progreso” amosaba o depauperamento da riqueza marisqueira da ría de Arcade e a sentenza ao empobrecemento dunha comunidade dependente dun recurso natural tan sentido “de todo o mundo” como delicado: o marisqueo.

Xa nos anos 40 e 50 fora retirada area do fondo do Verdugo, mais neste caso trátase de extraccións manuais, a forza de brazo e pa, o que limitaba moito a capacidade extractiva e, por tanto, as súas consecuencias.

“Mentres viñan as lanchas a escavar á pé, os homes que cargaban as lanchas non facían moito mal porque levaban unha lancha cada día, que só as podían levar ao devalar o mar. Pero despois viñeron as dragas e *entonces* a draga chupaba e levaban lanchas e lanchas en todo minuto. E foi a forma de que o mar quedaba sen area e que os muros e as xunqueiras caían en cachos para abaixo”. (M.A.F.R., Ponte Sampaio).

Nesta ocasión, era distinto.

## ELAS

Bares, restaurantes, vendedores intermediarios... todos se viron afectados mais, sen dúbida, as mulleres mariscadoras resultaron ser as principais prexudicadas; as de “Arcade, Ponte Sampaio, Paredes, Figueirido, Vilar, Canicouva, Acevedo, Rañadoiro... onde todos viviamos do mar”. (Carmen Rey Freijanes, Ponte Sampaio).

Elas, as mulleres, emprenderon unha loita sen cuartel, sen mandos nin xerarquías, que se foi configurando, facendo máis grande e sólida segundo avanzaban os días da protesta até que, o 29 de outubro de 1965, “declararon a guerra”.

“Primeiro fomos polo monte a pedradas con eles [os traballadores da draga] pero non lle alcanzabamos. Despois tratamos de ir para o *puente* e cando [as lanchas] pasaban por debaixo do arco mandarlle pedras abaixo. Blomba! Pero non fixemos nada”. (C.R.F., Ponte Sampaio).

Nesta loita polo mar desde a terra, embarcáronse mariscadoras e non mariscadoras, nunha cadea de solidariedade nutrida pola certeza de que as aldeas da zona vivían e se alimentaban da ría. Así, nenas, vellas, mozas... tomaron a rúa e asumiron perigos e riscos ao se pór diante do inimigo dun xeito directo.

O sistema de convocatoria para a protesta era moi sinxelo, “aquela pasaba a aquela, aquela a aquela... e xuntabámonos” (C.R.F., Ponte Sampaio). Deste xeito, comezaron a autoorganizarse para ir ás moitas protestas que houbo ao longo de varios meses.



## A VÉSPERA DE DEFUNTOS

Tras semanas de loita o ánimo tornouse máis rudo e decidido, a vontade máis forte e a sensación de inxustiza máis intensa. Foi así como se deu un paso máis e convocouse a protesta do 29 de outubro de 1965, que as levaría definitivamente á vitoria. As súas armas foron as pedras e as pernas. Os seus escudos, coxíns e crianzas.

“A xente cansouse, rebentou. Amais houbo persoas por atrás [Ulises e Eduardito, dedicados á revenda do marisco]... e veu xente non *so* da Ponte nin de Arcade, senón que viña xente doutros sitios a *sabiendas* de aquí aí pasar algo. Estaba avisada a Guardia Civil e máis os militares” (E.C.O., Ponte Sampaio).

É véspera de Defuntos. CANCELÁSE a escola. Ás catro da tarde toca a campá da igrexa que chama á protesta, pero non é o cura, non. O cura mira para outro lado e deixa que a veciñanza faga uso. Das casas de Arcade, Ponte Sampaio e outras aldeas próximas comezan a saír nenas, vellas, avoas e nais que emprenden unha viaxe para a ponte de Ponte Sampaio mentres se van facendo coas pedras que atopan polo camiño e chaman a outras mulleres. Algunhas delas están embarazadas.

“A min chamábanme *follo*nera por defender o pan dos meus fillos. Aínda me dicía Lola A *Caño*na: “A onde vas a meterte así, que aínda te han de tirar á aghua e morres afoghada con ese crío que levas dentro da barrigha?” E díxenlle eu: “A min déixeme ir que se paro alí xa está todo feito” (C.A.O., Ponte Sampaio).

Outras simulan estar grávidas con coxíns debaixo da roupa para evitar que os gardas civís mallen nelas e hainas que incluso levan os bebés en brazos. Cando chegan á ponte, diante delas, o corpo da Garda Civil de Ponte Sampaio, Pontevedra e Vigo que se presencia como representante dun sistema opresor que defende a quen espolia. Hai medo, tensión e un caos precioso e coordinado de rebeldía e loita que dá lugar a un baile de pedradas, fuxidas polo monte, berros, e solidariedade que durará até á noite.

Carmen Rey Freijanes, unha das mulleres de maior idade que participa na protesta, decide que hai que ir máis alá e vai pedir a bandeira do réxime á muller que levaba a Falanxe en Ponte Sampaio, Aurora Bernárdez Vidal, máis coñecida como Aurorita. As máis pequenas do lugar acompañana pois acoden todas as tardes ás aulas do local da Sección Feminina no que se garda. Despois dunha breve negociación, a bandeira sae do local da falanxe, iso si, sen mastro, que Carmen tivo que improvisar cunha póla de piñeiro. Volve para a ponte e prodúcese o feito que ninguén esquecerá e elevará o espírito combativo da xornada. “Cando chegabamos coa bandeira a xente maior como mirou aos *guardias* se empezaron a cuadrar diante da bandeira, a xente chorou. Era a emoción”. (M.T.C., Ponte Sampaio)



Os gardas civís increpan a Carmen:

- “Tire usted ahora mismo con la bandera”.
- “No tiro señor con la bandera, que usted cuando fue a jurar que quería ser guardia civil, juró antes esta bandera. Y si hace el favor la saluda y no le toque”.
- “Que tire con la bandera!”
- “Pódeme decir 50 veces que a tire, que non a tiro e non lle toque que senón máncolle no lombo”. (C.R.F., Ponte Sampaio)

Un deles ameaza con disparar. Ela colle a bandeira, móvea como un toureiro, tén-dea no chan e dille que a pise. Coa tensión cae de xeonllos pero as demais toman o relevo, recollen a bandeira e pásana de man en man mentres corren pola beira do río e se dirixen cara ao monte. Os gardas perséguenas, nunha danza que dura varias horas, tamén entre pedradas sobre as lanchas. Contra a noite a Garda Civil desiste e abandona o lugar. Tamén marchan os homes das lanchas deixando alí as embarcacións. A draga, inactiva, fica na auga. As mulleres volven para as súas casas. Vitoriosas.

#### NA RETAGARDA

A participación dos homes nesta protesta estivo limitada a se manter na retagarda, dar apoio e difundir as convocatorias. Segundo algunhas das mulleres que participaron existía a certeza de que os levarían presos. “Os homes non se meteran no lío. Porque supoño que naquela época aos homes que se metían levábanos detidos” (M.B.V., Ponte Sampaio). Outras mulleres falan de que non ían porque entre eles existía o medo de que lle abridan fichas policiais, incluso de ter consecuencias laborais, como seren inhabilitados nos seus postos.

Da gloriosa memoria deste día, as súas protagonistas recordan as ausencias, non só dos homes, senón de mariscadoras, coas que compartían as mareas e o frío da area mollada pero que non se uniron para protestar. “Ao mar si, pero para defender...Viñan algunha vez para defender o mar? Ningunha”. (C.A.O., Ponte Sampaio).

#### ACABOUSE A FUNCIÓN

Despois desta xornada, os das lanchas non volveron e a draga ficou estática no río case dous anos, até 1969, como testemuña dunha batalla gañada. Con todo, o xornal do día seguinte non se fixo eco deste acontecer mais si da celebración do aniversario da Falanxe, da apertura de novas sedes de caixas de aforros... Só no Diario de Pontevedra no 31 de outubro apareceu unha tímida nota de corte panfletario que mentía ao asegurar que os traballos de extracción comezaran o 30



de outubro e que lonxe de danar a riqueza marisqueira da ría, beneficiarán o estuario. Tamén fala de encontros pacíficos da Confraría de Pescadores e outros homes de relevancia da zona co Gobernador Civil Sr. Encinas Diéguez e o comandante da Marina para aclarar as suspicacias que levarán as extraccións entre a veciñanza.

Co paso do tempo, as paredes dos edificios de Vigo que foran construídas con esta area, salgada e de mala calidade para a construción, foron caendo e os azulexos das paredes despegáronse escachando contra o chan. Non é ese o caso dos nomes das protagonistas desta loita, que se manteñen pendurados na memoria dunha colectividade que sabe que impediron que se esquilmará a ría. Carmen Rey Freijanes (“A Casqueira”), Leocadia Reyes Cal, Lola Barreiro Cortegoso (Lola da Eira), Mercedes Vidal Pazos, Estrella Cortegoso Otero, Marisol Torres Cal, Carmen Álvarez Otero (Carmen “A Pescadilla”), Amelia Barreiro Franco, Isolina da Reguiña, Lola “A Pirata”, Ramona “A da Tercerilla” e un longo etcétera.

A todas elas grazas, de xeito especial ás que nutriron este artigo coa súa memoria: Carmen Álvarez Otero, Carmen Rey Freijanes, Marisol Torres Cal, Estrella Otero Cortegoso, María Alicia Fontán Reguera e Mercedes Bernázdez Vidal.